

ct

Loló e Mamá

de
Esther F. Carrodegua

(fragmento en galego)

Na procura do MEU lugar ao TEU carón

INGREDIENTES MÍNIMOS NECESARIOS

2 ACTRICES

1 BATA DE ANDAR POLA CASA

1 XERSEI

PAPEL HIXIÉNICO (CANTO MÁIS MELLOR)

ESPECIAS (AO GUSTO)

COCCIÓN

/A COCCIÓN ACONTECE NO APARTAMENTO DE LOLÓ. AGÁS OS RECORDOS, QUE, COMO TODO RECORDO, NON SABEMOS MOI BEN ONDE ACONTECEN. MAMÁ NUNCA SAE DO APARTAMENTO, ATÉ O FINAL, CANDO DECIDE DURMIR, COMA SEMPRE, NUN HOTEL/

/MAMÁ VAI DE ANDAR POLA CASA. LOLÓ, DE RÚA/

/CANDO COMEZA A OBRA, TODO PARECE ESTAR NO SEU SITIO. CANDO REMATA, SEMELLA MÁIS BEN UN CAMPO DE BATALLA/

LOLÓ E MAMÁ

/LOLÓ E MAMÁ NON SE MIRAN. FICAN DE COSTAS, A UNHA CONTRA A OUTRA/

LOLÓ
Mamá

MAMÁ
Que?

LOLÓ
Por favor escóitame

MAMÁ
Escóitote

LOLÓ
Mírame

MAMÁ
Mírote

LOLÓ
Isto non é un hotel

MAMÁ
Xa o sei, xa mo dixeches

LOLÓ
Pois é o que parece

MAMÁ
Fíxeno por ti

LOLÓ
Por min? Por min ou por ti?

MAMÁ
Que dis?

LOLÓ
Non podo sacar a túa vida adiante, non é xusto

MAMÁ
Temos que recuperar o tempo perdido

LOLÓ
Teño bastante coa miña

MAMÁ

Recuperar o tempo perdido

LOLÓ

Por que non me escoitas?

MAMÁ

Escóitote

LOLÓ

Por que non me miras

MAMÁ

Mírote

LOLÓ

Necesito á miña nai mais non desta maneira

MAMÁ

De que maneira?

LOLÓ

Quero poder estar ben contigo

MAMÁ

Estás mal, comigo?

LOLÓ

Non me fagas isto

MAMÁ

O que?

LOLÓ

Non se pode nin falar contigo

MAMÁ

Son un estorbo vello

LOLÓ

Pareces unha nena pequena

MAMÁ

Sempre lle dás a volta á tortilla

LOLÓ

Que tortilla?

MAMÁ

Tes que medrar un pouco, Loló

/VOLVEN SER DÚAS ADULTAS QUE SE DAN AS COSTAS/

LOLÓ

Tes que tomar as rendas da túa vida, mamá

MAMÁ

Quérote, quérote, quérote, quérote

LOLÓ

Sempre a mesma ladaíña

MAMÁ

Mirábate e sabía todo o que che pasaba, todo

LOLÓ

Eu non podo ser a túa nai

MAMÁ

Agora non sei nada

LOLÓ

Búscate a vida

MAMÁ

Doe, Loló. Doe moito iso que dis

LOLÓ

Pois se doe, mamá, se doe... É que está curando.

*/LOLÓ SAE. MAMÁ CHORA, SOA OS MOCOS CON PAPEL HIXIÉNICO,
METROS E METROS DE PAPEL HIXIÉNICO. ENTRA LOLÓ/*

LOLÓ

Que fas mamá?

MAMÁ

Calceta

LOLÓ

Calceta?

MAMÁ

Si, calceto, algún problema?

LOLÓ
NOO. Ningún problema

/SAE/

MAMÁ
Estou a facerche unha bufanda

/ENTRA/

LOLÓ
Estás a facerME una bufanda

MAMÁ
Una bufanda, si, unha bufanda

LOLÓ
Unha-bufanda

MAMÁ
Si: unha-bufanda

LOLÓ
Una bufanda. Unha bufanda. Una bufanda

/SAE. ENTRA/

LOLÓ
Mamá

MAMÁ
Que?

LOLÓ
Por que me estás a facer unha bufanda? Non necesito ningunha bufanda

MAMÁ
Xa, xa sei que non necesitas ningunha bufanda, mais gústame calcetar e pensei que facerche unha bufanda estaría moi ben, unha bufanda como aquela que che trouxera de Madagascar

/REW. LOLÓ É UNHA NENA/

LOLÓ
Mamá-mamá-mamá-mamá-mamá-mamá cóntame outra vez como é Madagascar

MAMÁ
Está ben, ven aquí: /A NAI DEBUXA A ILLA COA BUFANDA, É DICIR, CO PAPEL

HIXIÉNICO. ELAS DÚAS QUEDAN DENTRO, DA ILLA/Madagascar é unha illa afastada no medio do océano Índico. É unha illa moooooi grande, máis grande que catro cidades grandes e ten animais moooooi raros, animais marabillosos que só se poden ver en Madagascar; e árbores enormes, que só se poden ver en Madagascar; e o aire é puro, e cando colles aire, así, a todo pulmón /AS DÚAS COLLEN TANTO AIRE COMO PODEN/ parece que respiras a vida mesma. Cando colles aire, así, a pleno pulmón /COLLEN AIRE, AS DÚAS/ parece que vas poder ser feliz para sempre. /COLLEN AIRE, AS DÚAS/Decátaste, en Madagascar, de que o único que precisas para ser feliz, é respirar

LOLÓ

Mamá, algún día, vasma levar a Madagascar?

MAMÁ

Xa veremos, Loló, xa veremos. Se te portas ben

LOLÓ

Se me porto ben!

MAMÁ

Xa veremos...

LOLÓ

Mamá...

MAMÁ

Queeeee?

LOLÓ

Que hai de comer?

MAMÁ

Loló...

LOLÓ

Ovos fritos! Ovos fritos!

MAMÁ

Noooooon!

LOLÓ

Por que non?

MAMÁ

Porque non pode ser

LOLÓ

Si que pode ser!

MAMÁ
Non pode ser, todos os días non pode ser

LOLÓ
Por un día!

MAMÁ
Por un día....

LOLÓ
Por un día!

MAMÁ
Loló!

LOLÓ
Veña!!!!

MAMÁ
É moi cedo, xa veremos!

LOLÓ
Xa veremos, xa veremos... Seguro que si!

MAMÁ
Cando sexa hora de comer, falamos

/A NAI RECOLLE O RECORDO/

LOLÓ
Mamá

MAMÁ
Queeeeeeeeeeeeeee?

LOLÓ
Son as tres

MAMÁ
As tres, xa?

LOLÓ
As tres, XA-SI

MAMÁ
As tres!

LOLÓ

As tres: SI: as tres da tarde, e gustaríame saber por que estás tirada no MEU chan, coa MIÑA bata, as MIÑAS zapatillas, sen facer absolutamente NADA de NADA, sen entrar na MIÑA cociña a preparar por exemplo un mísero prato de pasta con tomate

MAMÁ

Non me gusta a pasta con tomate, xa o sabes

LOLÓ

Non o sei, mamá. Non o sei. Non teño nin idea

MAMÁ

Estiven calcetando na bufanda e fóiseme o Santo ao Ceo

LOLÓ

Que santo, mamá? Que Santo? Que santo? QUE SANTO?

MAMÁ

Por que non facemos un ovo frito?

LOLÓ	MAMÁ
Debería ter sido doutra maneira	Debería ter sido doutra maneira
Mais foi así	Mais foi así
Foi ou é	Foi ou é
Foi e mais está a ser	Foi e mais está a ser
Está a ser unha tortura	Está a ser unha tortura
Esa tortura que non te mata	Esa tortura que non te mata
Pero que che vai secando a vida	Pero que che vai secando a vida
Esa gota chinesa, fría	Esa gota chinesa, fría
Que me importa se quere calcetar?	Que lle importa quero calcetar?
Se quere facer bufandas para todo o edificio?	Se quero facer bufandas para todo o edificio?
Que me importa?	Que lle importa?
Non é pola bufanda, é pola gota	Non é pola bufanda, é pola gota

/LOLÓ XÍRASE, MIRA A MAMÁ/

LOLÓ

Estou morta, cansa, desesperada. Non sabes o que é mamá. Non sabes o que é

MAMÁ

Claro que o sei

LOLÓ

É imposible que me dean ese crédito, imposible

MAMÁ

Ven aquí /ACARÍCIAA/ Todo se ha de resolver. Non ha de ser esta a peor das guerras, xa verás. Xa o conseguirás

LOLÓ

Menos mal que estás aquí, mamá /MAMÁ BICA A LOLÓ/ Menos mal que estás aquí /ACARÍCIAA. EN SILENCIO. E SEMELLA O PARAÍSO/ Menos mal que estás aquí

MAMÁ

Para iso estou aquí

LOLÓ

Para iso estás aquí

MAMÁ

Para iso · estou · aquí

LOLÓ

Para iso

MAMÁ

Paraíso

LOLÓ

Paraíso

MAMÁ

Paraíso

LOLÓ

Paraíso

MAMÁ

Paraíso

LOLÓ

Paraíso

MAMÁ

Paraíso

/DORMEN, OU CASE/

LOLÓ

Mañá dígollo. Mañá, ou pasadomañá. Pasadomañá non que é venres, e sábado tampouco, claro. Mellor o luns, o luns ou o martes, porque os luns chego cansa. Os luns mola que estea na casa: pode estar sempre que queira: luns día de Loló e Mamá. /PAUSA/ O martes: o martes dígollo e se non o mércores, porque o mércores, si, o mércores é o mellor día da semana para llo dicir. Mércores. Coma hoxe. Mércores

MAMÁ

Estar nun lugar onde haxa tanto ruído que poidas deixar de escoitar os ruxe-ruxes da túa propia cabeza. Bum-Bum. Bum-Bum. Bum-Bum. O latexar do corazón tan alto que todo o resto sexa silencio

/A PÚBLICO/

LOLÓ

GUERRA. Substantivo feminino

MAMÁ

Un. Loita con armas entre dous países ou entre dous bandos dun mesmo país

LOLÓ

Dous. Calquera tipo de loita ou disputa entre persoas ou animais

/DE SÚPETO, FRONTE A FRONTE, XOGAN COMA DÚAS CATIVAS, MAN CON MAN, CORAZÓN CON CORAZÓN/

Pablito se fue a la China, ina, ina
Para ver cómo era la China, ina, ina
Y vio cómo era la China, ina, ina
Palo palito China, ina, ina

Pablito se fue a Japón, pón, pón
Para ver cómo era Japón, pón, pón
Y vio como era Japón, pón, pón
Palo palito China, Japón

Pablito se fue a Guatemala, mala, mala
Para ver cómo era Guatemala, mala, mala
Y vio cómo era Guatemala, mala, mala
Palo Palito China, Japón, Guatemala-

/PAUSE/

LOLÓ

Quedábaselle pequeno o mundo ao meu carón

/PLAY/

MAMÁ

Tróuxenche un agasallo!

LOLÓ

Un agasallo?

MAMÁ

Si, un agasallo

LOLÓ

Que é?

MAMÁ

Un puff

LOLÓ

Un puff?

MAMÁ

Si: un puff

LOLÓ

Pero... canto che custou este puff?

MAMÁ

27 €

LOLÓ

27 €? 27 € mamá? Ti estás fatal! Como podes gastar 27 euros nesta merda de puff

MAMÁ

É un puff, é un... Pensei que, pensei que che gustaría

LOLÓ

A min?

MAMÁ

Pensei que sería... bo ter un puff

LOLÓ

Que sería bo ter un puff para que?

MAMÁ

Para sentarnos, para sentarnos unha enfronte da outra, para non ter que sentarnos sempre así, sempre non sei, pensei que, para o baño, pensei que estaría ben para o baño

LOLÓ

Un puff para o baño?

MAMÁ

Si, para o baño, como sempre dis que non tes tempo pensei, pensei que poderíamos aproveitar para estar máis tempo xuntas, no baño

LOLÓ

EU CAGANDO E TI MIRANDO COMO CAGO, MAMÁ, ISO É O QUE ENTENDES TI POR ESTAR MÁIS TEMPO XUNTAS, MAMÁ?

MAMÁ

So quería traerche un agasallo. Un agasallo para a casa. Non che gusta? Devolvémolo: non pasa nada

LOLÓ

Es a hostia MAMÁ

es a hostia. De verdade pensabas que me ía gustar este maldito puff

MAMÁ

Eu so quería

LOLÓ

/HISTÉRICA, XA/ Facerme feliz?/PAUSA. DE SÚPETO A DISCUSIÓN ESTÁ XA NOUTRO LUGAR, AÍNDA QUE NO MESMO ESPAZO/

LOLÓ

Mamá, é que non tes cartos, non tes cartos para vivir e mercas calquera cousa para facerme feliz, como facías sempre, parcheando, mercando cousas e cousas para terme calada, para agochar que te sentías mal por me deixar soa. Xa non quero máis agasallos, mamá. Non vas poder facer nada cos malditos agasallos/PAUSA. RESPIRA, FONDO. COMA SE ESTIVERA EN MADAGASCAR/ Que fixen mal, eh? Que fixen mal para que nunca me levaras a Madagascar?

/PASA, POLO MENOS, UNHA ETERNIDADE/

MAMÁ

Tes fame?

LOLÓ

Claro que teño fame

MAMÁ

Pois podemos facer calquera cousa, un ovo frito

LOLÓ

Un ovo frito?

MAMÁ
Por un día

LOLÓ
Por un día?

MAMÁ
Por un día, si. Non pasa nada por comer un ovo frito, un día. Non morreu nunca ninguén por ter comido un ovo frito. Que eu saiba

LOLÓ
Un · ovo · frito

MAMÁ
Un ovo frito, ou dous, como queiras

/LOLÓ TEN GANAS DE MATAR A MAMÁ. DEBUXAN AS DÚAS FRIDAS/

LOLÓ
/A PÚBLICO/LIÑAS PARALELAS: son aquelas que nunca se intersectan, que se manteñen sempre a unha distancia c o n s t a n t e

MAMÁ
/A PÚBLICO/A pesar da súa distancia eterna, as liñas paralelas van na mesma dirección

NOTA DA AUTORA

Loló e Mamá é un agasallo que me fixo a actriz Stephy Llaryora. Un día, sen coñecerme de nada, chamoume por teléfono para me dicir que quería que eu escribira e dirixira o seu primeiro proxecto teatral como produtora, da man de Ste Xeito Producións, a compañía que comparte con Steve Domínguez Fernández. Na proposta, por se fóra pouco, quería traballar coa súa propia historia persoal. A fada que me recomendou, Josi Lage, faláralle ben do meu traballo.

Stephy quería resolver grazas ao teatro unha morea de tensións que estaban a acontecer na súa vida: quería queimalas e deixalas ir. Tamén quería entender cousas incomprensibles. Mais sobre todo, quería facer unha homenaxe a esa nai que, cos seus erros e os seus acertos, lle dera a vida e seguía a ser a persoa máis importante dela. Stephy e Mabel compartiron unha vida chea de encontros e desencontros, e esa tensión facía que a súa relación fóra quizais máis forte aínda da que temos as que vivimos unha relación máis normal coa nosa proxenitora. Stephy e Mabel chegaron a pensar que nunca poderían vivir preto a unha da outra. E cando por fin as súas vidas se quixeron xuntar, aquela proximidade nun piso de 30 metros cadrados, resultou ser demasiada. Acaso en realidade a súa vida en conxunto non funcionaba máis que nos seus desexos?

Diso vai esta obra. Do difícil que é vivir, mesmo sendo tan sinxelo.

Quero agradecer enormemente a Stephy que confiara en min para formar parte este proxecto sinxelamente mirándome aos ollos. Tamén teño moito que lle agradecer a Josi Lage, pola confianza que sempre pon na miña pluma e no meu talento, xa que é a confianza, precisamente, a que fai que os proxectos medren. Ás dúas, tamén, teño que agradecer a entrega TOTAL durante as catros sesións de *Dramaturxia en pé (de guerra)*, precisamente) que levamos a cabo para axudarme a escribir este petisco teatral. E por suposto a Mabel, esa nai, que sen sabelo sequera, me regalou a súa historia para convertela, grazas á maxia da creatividade, nunha personaxe inesquecible xa para min. Unha personaxe que, ao igual que Loló, ten moito de verdade pero tamén, moita imaxinación. Non creades, polo tanto, todo o que aquí veu escrito coma se fora verdade. Todo isto, finalmente, só existe na verdade do teatro.

Tamén teño que dar as grazas ás persoas que, ademais de Stephy e Mabel, me axudaron durante o escaso mes no que se construíu este calidoscopio teatral lendo os bosquexos e agasallándome cos seus comentarios críticos. Merchi, Noe, Xavi e María, a miña Mamá, a quen teño tamén que lle agradecer que me regalara co noso día a día moitas frases ou escenas desta obra. Dunha maneira completamente diferente, tamén nós temos unha historia de encontros, desencontros, loitas cotiás e ovos fritos. Esta é, tamén, a miña homenaxe, para ela.